

PREGUNTAS FRECUENTES

**PROGRAMAS SECTORIAIS DE INVESTIGACIÓN APLICADA, PEME I+D E I+D
SUMA
DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN
TECNOLÓXICA (INCITE)
CONVOCATORIA 2008**

XERALIDADES

1. Quen pode ser beneficiario destas axudas?

Proxectos individuais:

- [Equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación, entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia .](#)
- [Centros Tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [Empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado e empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación.](#)

Proxectos en colaboración:

[Realizados por máis dunha entidade sendo esta calquera das anteriores.](#)

Proxectos con avaliación positiva nas convocatorias conxuntas de ERA-NET CIRCLE e do ERA-NET AMPERA, nas que a Consellería de Innovación e Industria é socio rexional.

2. Como se cubre a solicitude?

Os formularios de solicitude deberanse obter, cubrir, aceptar e imprimir necesariamente a través da aplicación informática (gui@te) establecida nos seguintes enderezos web:

- <http://www.xunta.es/cumprimentacion-electronica>
- <http://www.conselleriaiei.org./dxidj>

Moi importante: o prazo para obter e cubrir o formulario a través da aplicación electrónica deseñada a tal efecto remata 24 horas antes do prazo establecido.

3. Na solicitude, que partes hai que presentar en papel e cantos exemplares?

Débase imprimir todo o documento que xera a aplicación, incluídos tódolos documentos PDF, e entregar un único exemplar debidamente asinado. Non será tida en conta outra documentación que a xera da pola aplicación.

4. Se unha vez xerada e impresa a solicitude definitiva desexase cambiar algún dato da mesma, poderase emendar á man a folla ou follas correspondentes, riscando ou engadindo a información que precise?

Una vez que se imprime a solicitude non se debe modificar ningún dato que altere o seu contido. Todos os datos que figuren nas follas impresas deben coincidir cos que se indicaron na aplicación telemática.

5. Onde debe presentarse a solicitude unha vez impresa e asinada?

Nos seguintes lugares:

- rexistros da Consellería de Innovación e Industria
 - rexistros de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio
 - polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:
 - nas oficinas de Correos (en sobre aberto para o seu selado)
- Importante: agás nas oficinas estranxeiras
- nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro
- Importante: non é posible a entrega a través de rexistros públicos estranxeiros

Deberán dirixirse a:

Consellería de Innovación e Industria
Dirección Xeral de I+D+i.
Rúa Feáns, nº 7, local C
15706 Santiago de Compostela

6. É posible presentar a solicitude ou outra documentación por fax, correo electrónico, mensaxería ou outros medios de envío?

Non, só é posible presentala nun dos lugares citados na resposta anterior.

8. Pódese utilizar o rexistro das Universidades como rexistros válidos para a presentación en prazo da solicitude?

Non, os rexistros das universidades non son válidos, segundo a normativa vixente.

9. Onde se pode consultar calquera dúbida sobre a solicitude?

A través dos seguintes medios:

- na páxina web da consellería (www.conselleriaiei.org) no apartado de “axudas” e na “ oficina virtual”.
- no teléfono 981541071.
- no enderezo electrónico info.sect@xunta.es
- presencialmente

- para cuestións xerais sobre este ou calquera outro procedemento o teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria: 981544341.

10. Cando vai resolverse a concesión das axudas?

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado é de 9 meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no DOG. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada as súas solicitudes por silencio administrativo.

11. Son compatíbeis estas axudas con outras para o mesmo proxecto?

As axudas previstas nesta orden serán:

- Incompatíbeis con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo proxecto.
- Compatíbeis con calquera outra destinada ao mesmo proxecto, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto. Non obstante, no caso de proxectos de empresas o importe das axudas concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que supere a intensidade de axuda aplicable de acordo co establecido no artigo 3 do Anexo III.

12. Presentada a solicitude en soporte papel dentro de prazo, cando se sabe se chegou correctamente ao seu destino?

No momento en que a Administración inicie o procedemento comunícase ó solicitante unha clave identificativa coa que poderá consultar o estado de tramitación do seu expediente a través do sitio web da Xunta de Galicia, en <http://www.xunta.es/consemp/consulta.htm>

13. Cando se poden achegar aqueles documentos ou sinaturas que non se puido aportar no seu momento?

Pode presentar a documentación en calquera momento, aínda que é recomendable que espere a que a Administración lle requira a subsanación da súa solicitude (10 días de prazo para presentar esa documentación).

14. Os documentos adxuntos de memoria e currículos, poden incluírse en calquera formato dixital?

Non, todos os ficheiros de documentación adxunta deberán estar en formato PDF ou Word. Se non dispón dun conversor a formato PDF pode obtelo de balde nas seguintes URL:

- <http://www.pdfforge.org/products/pdfcreator>
- <http://www.primopdf.com/>

15. Cales son as obrigas dos beneficiarios?

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como daqueloutras específicas que se indiquen nos anexos da convocatoria os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro da presente orde quedan obrigados a:

- Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control

16. Deben comunicarse a concesión doutras subvención para o mesmo proxecto?

Si. A entidade responsable do proxecto está obrigada a comunicar á Dirección Xeral de I+D+I, no momento en que sexa beneficiario de calquera outra axuda concedida para a execución dun mesmo investimento, o importe e a duración da mesma.

17. Si se concede o proxecto, que acontece se non se presenta a xustificación da subvención?

Ao solicitante notificaráselle a concesión. Transcorridos quince días naturais sen que comunique expresamente a renuncia, entenderase que acepta a subvención.

Unha vez transcorrido o prazo de entrega da xustificación (31 de outubro) sen que o beneficiario presente a documentación correspondente, poderase entender que renuncia á subvención.

18. Como se fai o seguimento dos proxectos?

Ademais da documentación que deberá ser entregada para a xustificación do proxecto en cada anualidade, o xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+I poderá realizar as visitas de seguimento para comprobar a correcta execución das actividades e os resultados obtidos.

19. Pódese renunciar a axuda concedida?

Si, a renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo VI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia. Unha vez transcorrido o prazo de entrega da xustificación (31 de outubro) sen que o beneficiario presente a documentación correspondente, poderase entender que renuncia á subvención.

20. Onde recibo as comunicacións?

Os datos de contacto que figuren na solicitudes (endereço postal, endereço electrónico, teléfono e fax) consideraranse os únicos válidos para os efectos de notificación. Serán responsabilidade exclusiva da entidade solicitante tanto os erros na súa consignación como a comunicación a Dirección Xeral de I+D+i de calquera cambio que se producise neles.

Proxectos de investigación aplicada de equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación e entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia

21. Quen son os beneficiarios?

Os equipos de investigación do sistema público de investigación de Galicia (SUG; centros, entes e organismos públicos de investigación).

22. O equipo de investigación, que características debe cumprir?

Debe ser un conxunto de investigadores, pertencentes ao mesmo organismo (agás no caso dos [investigadores asociados](#)/ e o [persoal de apoio](#)), que baixo a dirección dun deles vaia desenvolver un proxecto de investigación concreto. Este investigador principal (IP) ten que ser doutor e pertencer a algunha das categorías de [persoal investigador estábel](#) indicadas na convocatoria, con dedicación a tempo completo ao organismo (agás no caso dos centros sanitarios, para os que é posible a dedicación a tempo parcial).

Débese ter en conta que só é posible ser o IP dun único proxecto subvencionado a través das convocatorias de axudas da Dirección Xeral de I+D+I e, polo tanto, o persoal investigador que no momento de realizar a solicitude figure como IP noutro proxecto de investigación vixente non pode ser o IP do novo proxecto.

23. Que tipo de persoal pode constituír un equipo de investigación?

Ao realizar a solicitude os membros que conforman o equipo de investigación deberán encadrarse nalgunha das seguintes figuras:

| | |
|-------------------------------------|---|
| PERSOAL INVESTIGADOR ESTÁBEL | Persoal investigador doutor con vinculación estatutaria ou contractual estábel co organismo público, nomeadamente: PDI universitario contratado nas figuras da LOU que requiren o título de doutor, persoal investigador contratado ao abeiro dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal ou asimilables. Persoal investigador non doutor con vinculación estatutaria ou contractual estábel co organismo público, ou mantida polo menos durante a vixencia do proxecto. |
| PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN | Persoal con vinculación ao organismo en figuras específicas de formación investigadora, nomeadamente: axudantes, persoal contratado en formación do programa María Barbeito ou asimilables, bolseiros predoutorais de convocatorias públicas. |
| PERSOAL INVESTIGADOR ASOCIADO | Persoal investigador doutor vinculado a outro organismo de investigación que se considera relevante para o correcto desenvolvemento do proxecto. Nesta categoría abránguese ao persoal docente doutor dos centros de ensino non universitario. |

PERSOAL DE APOIO

Persoal contratado para a realización de tarefas de apoio á investigación no desenvolvemento de proxectos concretos de investigación:
persoal técnico
persoal non incluído nas categorías anteriores.

Importante: nos casos de que os contratos do persoal contratado ao abeiro dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal ou asimilables rematen antes da data de finalización dos seus contratos, perdendo deste xeito a vinculación co organismo de investigación, deberá figurar na solicitude outro investigador que cumpra os requisitos necesarios, para que unha vez substituído o investigador cesante non se vexa alterada de forma significativa a estrutura e capacidade científico-técnica.

24. Que limitacións existen con respecto ao número de proxectos nos que se participa?

A limitación vén determinada polo tipo de dedicación ao organismo (completa ou parcial) e o nivel de estudos (doutor ou non).

Os doutores poden participar en:

3 proxectos, nos casos de dedicación a tempo completo ao organismo

2 proxectos, nos casos de dedicación a tempo parcial ao organismo

Importante: todos os proxectos de investigación vixentes financiados a cargo de calquera dos programas do Plan Galego computan a efectos dos límites, mais exclúense do cómputo:

Todos os proxectos internacionais

Todos os proxectos do Plan Nacional

Os proxectos do Plan Galego de I+D+I que rematen no mesmo ano no que se solicita a axuda.

A inobservancia por parte dalgún membro do equipo de investigación dos límites establecidos suporá a súa exclusión do equipo. Se afecta ao IP será motivo de non admisión a trámite da solicitude.

25. Actualmente son investigador principal nun proxecto do Plan Galego de I+D+I que remata en 2008. Podo presentarme a esta nova convocatoria como investigador principal?

Si, só nestes casos é posíbel figurar como IP nun novo proxecto de investigación. A convocatoria establece que unicamente é posíbel ser IP nun único proxecto. Deberase lembrar que o cómputo non ten en conta a participación en proxectos internacionais nin do Plan Nacional, senón só os que teñen que ver coas convocatorias da Dirección Xeral de I+D+I de axudas á realización de proxectos de investigación.

Importante: no caso de que o IP sexa un investigador novo, deberá ter dedicación única ao proxecto.

A non observancia dos límites establecidos será motivo de non admisión a trámite da solicitude.

26. Actualmente participo nun proxecto, pero por diversas razóns desexaría darme de baixa del para poder participar na convocatoria actual. Que debo facer?

Os investigadores que forman o equipo de investigación beneficiario dunha axuda están obrigados a manterse no equipo ata a finalización do proxecto, xa que este foi aprobado considerando a adecuación do tamaño e cualificacións do equipo ás tarefas indicadas nel.

Moi excepcionalmente podería outorgarse unha baixa sempre que concorran outras circunstancias que aconsellen concedela. Para iso o IP debe solicitalo por escrito (incluíndo a sinatura do interesado) perante a Dirección Xeral de I+D+I xustificando con detalle as razóns de tal solicitude.

27. Actualmente participo nun proxecto a tempo completo e desexaría cambiar a dedicación a tempo parcial. Que debo facer?

Ao igual que no caso anterior, a norma xeral é que non é posíbel cambiar a estruturación dun proxecto en ningún dos seus aspectos, incluída a dedicación de cada membro do equipo investigador, xa que iso vulnera as condicións nas que ese proxecto foi aprobado.

Moi excepcionalmente podería outorgarse un cambio do tipo de dedicación sempre que concorran outras circunstancias que aconsellen concedela. Para iso o IP debe solicitalo por escrito (incluíndo a sinatura do interesado) perante a Dirección Xeral de I+D+I, xustificando con detalle as razóns do devandito cambio.

28. Quen deberá formalizar a solicitude?

Os investigadores principais serán en todos os casos os solicitantes, e deberán asinar como tales o formulario. No caso de se tratar dun proxecto en colaboración, será o lider quen se fará responsable da presentación do proxecto completo perante a Administración.

29. Quen deberá conceder o visto e prace a esta solicitude unha vez impresa?

Como norma xeral, será o representante legal do organismo de investigación ao que pertence o investigador solicitante, que xuntará a súa sinatura á deste, asumindo coa súa sinatura o compromiso de verificación dos datos presentados.

Importante: o Sergas será quen dea o visto e prace á solicitude nos casos de solicitantes pertencentes a centros sanitarios que xestionen a investigación a través de fundacións de interese galego.

30. Cales son os criterios de valoración para esta liña de subvencións?

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención estarán divididos en dous grupos, en relación directa co sistema de avaliación:

VALORACIÓN EXTERNA (Calidade Científico-Técnica)

| | | | |
|---|---|--|---|
| Máximo 70 puntos | Capacidade de I+D do equipo de investigación (excluídos os que non acaden un mínimo de 6 puntos) | | |
| | máximo 20 puntos | experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal | |
| | | o nivel científico técnico | |
| | | a adecuación de tamaño e composición do equipo de investigación. | |
| | Proxecto de investigación (excluídos os que non acaden un mínimo de 20 puntos) | | |
| | máximo 50 puntos | máximo 20 puntos | novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes |
| | | | claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos |
| | | | aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados |
| | | | interese para o sector e posíbeis beneficios. |
| | máximo 20 puntos | viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación | |
| adequación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo | | | |
| no caso de proxectos en colaboración, complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da coordinación. | | | |
| máximo 10 puntos | Adequación do presuposto do proxecto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto. | | |

VALORACIÓN INTERNA (Comisión de selección)

| | | |
|------------------|------------------|--|
| Máximo 30 puntos | máximo 10 puntos | A coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia |
| | máximo 10 puntos | Composición e dedicación do equipo: nº de doutores, a incorporación de doutores novos (menos de catro anos de experiencia posdoutoral), o grao de dedicación ao proxecto, a participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación, e o carácter multidisciplinar do equipo. |
| | máximo 5 puntos | A valoración dos resultados obtidos polos investigadores que forman o equipo en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia |
| | 2.5 puntos | Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda |
| | 2.5 puntos | Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación |

31. Cal é a contía máxima de axuda que pode obter un proxecto (ou subproxecto) de investigación?

120.000 € brutos para un período máximo de 3 anos.

32. Cal é o importe mínimo para investir na contratación a tempo completo dun titulado superior?

21.000 € brutos anuais.

33. Cal é o importe mínimo para investir na contratación a tempo completo dun titulado medio de FP?

18.000 € brutos anuais. En casos excepcionais e unicamente para os títulos obtidos no estranxeiro en proceso de homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia poderá admitirse a substitución do contrato por unha bolsa durante un período máximo de 2 anos e por un importe de 16.000 € anuais.

34. Qué obrigas específicas teñen os beneficiarios desta axuda?

Deberán contribuír ao seguimento realizado polos xestores do programa:

Coa entrega dun informe que inclúa os logros e o cumprimento dos obxectivos, que debe remitirse no prazo máximo de 3 meses contados a partir da finalización da axuda

Co envío á Dirección Xeral de I+D+I de 1 exemplar de cada publicación

No caso dos proxectos en colaboración requirirase que o coordinador presente de forma conxunta os informes finais correspondentes a cada subproxecto.

35. Como debe xustificarse a subvención?

Antes do 31 de outubro de cada anualidade o organismo ao que pertenza o solicitante deberá remitir **certificación expresiva da realización dos gastos** realizados na que conste o concepto subvencionable e o importe de cada un deles. **Si o pago dos gastos certificados é posterior o 31 de outubro emitirase outra certificación na que se faga constar este pagamento.** O prazo para que esta certificación teña entrada na Dirección xeral de I+D+I remata **o 30 de decembro de 2008.**

36. Que seccións ten o formulario telemático que deberá usarse obrigatoriamente para as solicitudes deste anexo?

Amais das declaracións xenéricas comúns, e dos datos do solicitante, consta de seccións para a seguinte información:

Datos do proxecto (título, duración, código ANEP e código da área de coñecemento)

Resumo de custos

Composición do equipo de investigación

Memoria científico-técnica da proposta:

CONTIDO

Resumo do proxecto

Estado da arte da investigación proposta

Aplicabilidade e posible transferencia dos resultados

Plan de difusión e explotación de resultados

Interese para o sector e posibles beneficios

VIABILIDADE

Metoloxía

Plan de traballo (etapas, recursos asignados, cumprimento de obxectivos, cronograma...)

ORZAMENTO

Explicación e xustificación de cada un dos conceptos de gasto que conforman o custo total do proxecto

CAPACIDADE E EXPERIENCIA DO EQUIPO

Experiencia do equipo na dirección doutros proxectos de I+D+I e a transferencia de resultados ao seu sector produtivo

Experiencia do equipo investigador sobre o tema (no caso de subcontratación)

Instalacións, instrumentos e técnicas dispoñibles para a realización do proxecto

Outros medios necesarios non dispoñibles

Xustificación da subvención solicitada (gastos de persoal contratado, material inventariable, bibliográfico ou funxible, axudas á mobilidade, outros gastos)

37. Cal é a documentación específica deste anexo que, de ser o caso, é de entrega obrigada (non incluída nas páxinas do formulario de solicitude)?

Só no caso dos solicitantes pertencentes a centros sanitarios:

autorización do Sergas á fundación correspondente para a xestión da subvención

aceptación do representante da fundación de que se trate da aceptación para xestionar os fondos concedidos

Cando o precise o proxecto:

autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou unha acreditación de ter presentada a súa solicitude

PROXECTOS PRESENTADOS POR CENTROS TECNOLÓXICOS

38. Quen pode solicitar estas axudas?

Os equipos de investigación dos centros tecnolóxicos (centros xa consolidados)

- Centro Tecnolóxico Armando Priegue (AIMEN).
- Centro Tecnolóxico da Pesca de Celeiro (CETPEC).
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).
- Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (CETGA).
- Centro Tecnolóxico Nacional de Conservación de Produtos de Pesca (ANFACO-CECOPESCA).
- Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG).

Pre-centros tecnolóxicos (centros de recente creación ou en proceso de transformación)

- Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC).
- Centro de Innovación e Servizos Deseño e Tecnoloxía (CIS Galicia).
- Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira).
- Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG).
- Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).
- Centro Tecnolóxico da Carne e da Calidade Alimentaria de Galicia.
- Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG).
- Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR).
- Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT).
- Centro Tecnolóxico do Naval de Galicia (CETENAGA) / Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT).
- Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (AGG).
- Centro Tecnolóxico da Lousa de Galicia.
- Centro Galego do Plástico.

39. Quen pode formalizar as solicitudes de axuda?

Poden formalizar as solicitudes os investigadores principais dos proxectos, co visto e prace do representante legal do centro correspondente.

40. Existen limitacións no número de proxectos a presentar polos centros?

Si, esta é unha das novidades deste ano. Hai limitacións no **número de proxectos a presentar** segundo o centro ou tipoloxía de centro e a tecnoloxía:

| Centros | Tecnoloxías propias (1) | Tecnoloxías transversais (2) | Tecnoloxías transversais (3) |
|---------------|-------------------------|------------------------------|------------------------------|
| AIMEN | TMT/DPI/DPA | REM/MDS/TIC/SIN | Restantes tecnoloxías |
| ANFACO | MMA/TAL | REM/MDS/TIC/SIN | Restantes tecnoloxías |
| CESGA | TIC/SIN | REM/MDS | Restantes tecnoloxías |
| CTAG | TMT/DPI/DPA | REM/MDS/TIC/SIN | Restantes tecnoloxías |
| CETGA | MMA/TAL | REM/MDS/TIC/SIN | Restantes tecnoloxías |
| CETPEC | MMA/REM/TAL | MDS/TIC/SIN | Restantes tecnoloxías |

- (1) Tecnoloxías sectoriais propias: **sen límite de número de solicitudes.**
- (2) Tecnoloxías transversais: 2 solicitudes como máximo.
- (3) Tecnoloxías transversais: 1 solicitude como máximo.

Os precentros tecnolóxicos poderán presentar un máximo de seis solicitudes, preferentemente nas tecnoloxías sectoriais propias das liñas de investigación desenvolvidas no centro.

41. Cal é a documentación que teñen que presentar os centros tecnolóxicos públicos ?

- Formulario normalizado de solicitude, asinado polo investigador principal do proxecto e presentarse co visto e prace do representante legal do centro correspondente.
- Currículos de tódolos membros do equipo investigador do centro e, no seu caso, do equipo investigador das subcontratacións. Os CV serán engadidos na aplicación informática. No caso de non seren engadidos en dita aplicación, serán obtidos pola Dirección Xeral de I+D+i do Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA). Non serán tidos en conta os CV en calquera outro formato.
- Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de tódalas administracións públicas.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Cando corresponda, autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentada a súa solicitude.
- No caso de proxectos con subcontratación, copia compulsada do contrato, asinado polos representantes legais das partes contratantes ou, no seu defecto, carta de intencións asinada polo investigador principal do proxecto no centro tecnolóxico e o investigador principal do equipo de investigación da entidade colaboradora, coa conformidade dos representantes legais do centro tecnolóxico e da entidade subcontratada.

42. Cal é a documentación que teñen que presentar os centros tecnolóxicos privados?

Ademais da mencionada para os centros tecnolóxicos públicos, os centros privados deberán presentar:

- Copia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Copia compulsada do xustificante de alta na Seguridade Social.
- Copia compulsada do poder bastante co que actúa o representante legal da entidade solicitante.
- Copia compulsada do documento nacional de identidade do representante legal da entidade.
- Copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións, no seu caso, da persoa xurídica á que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.

43. Que custos de persoal son subvencionables nos centros tecnolóxicos?

- Persoal técnico do centro, que non estea financiado con fondos públicos e que sexa preciso para a realización do proxecto. O devandito persoal e a súa vinculación ao proxecto deberán quedar definidos na proposta.
- Persoal adicional técnico-científico que contrate o centro para a realización do proxecto e que no momento da contratación non teña vinculación laboral co centro nin a tivese nos dous últimos anos (a contratación nos centros tecnolóxicos públicos realizarase conforme ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade):
 - Na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate.
 - O importe mínimo para a contratación, a tempo completo, será de 21.000 euros por persoa e ano no caso de titulados superiores e 18.000 euros no caso de titulados medios ou Formación Profesional.
 - Excepcional e unicamente para o caso de títulos obtidos no estranxeiro que estean en proceso de homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia admitirase, durante un período máximo de dous anos, a substitución do contrato por unha bolsa.
- Para todo o persoal (propio e adicional), non se admiten custos de persoal financiados con fondos europeos.
- Só se poderán imputar gastos daquel persoal que se poida xustificar con nómina.

44. Como se achegan os currículos dos membros do equipo investigador?

Os currículos de tódolos membros do equipo investigador do centro e, de selo caso, da subcontratación, poderán ser engadidos na aplicación informática como documentos de texto en formato Word ou PDF utilizando o formato normalizado da Dirección Xeral de I+D+I. No caso de non engadir o currículo na aplicación informática, este obterase do Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA). Non serán tidos en conta os currículos en papel.

45. Que outros conceptos son subvencionables?

- **Material inventariable:**
 - adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización do proxecto, na medida na que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estean debidamente xustificadas
 - admitiranse os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados.
 - non se admitirán custos de utilización nin amortizacións
- **Servizos tecnolóxicos externos** necesarios para o desenvolvemento do proxecto, debidamente xustificadas

- **Material fungible:** adquisición de materiais fungibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.
- **Viaxes** relacionados coa execución do proxecto (Será preciso xustificar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto).
- **Subcontratación** con organismos públicos de investigación:
 - Co fin de incentivar a colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación o custo total das subcontratación poderá acadar o 70 % do custo total do proxecto.
 - As precisas para o proxecto e específicas para o seu desenvolvemento, debidamente pormenorizadas e xustificadas
 - O custo da subcontratación poderá incluír calquera dos conceptos sinalados nos puntos anteriores, e será incrementado nun 15% en concepto de custos indirectos.
- No caso de Centros Tecnolóxicos de carácter público: **15% en concepto de custos indirectos**, co fin de resarcir ao correspondente centro dos gastos que a execución do proxecto leva implícitos (una vez detraído o importe das subcontratacións).
Incrementarase nesta porcentaxe (15%) o importe total do proxecto una vez detraído o importe das subcontratacións.

46. Estes son os conceptos subvencionables, pero a partir de que data se poden imputar eses gastos?

Esta é outra das novidades deste ano. A data de inicio para a xustificación de gastos para a primeira anualidade vaina dar o propio solicitante: a data de entrada en rexistro da solicitude.

47. Cal é a data límite final para imputar gastos?

O 31 de outubro do exercicio correspondente.

48. Cales son os criterios de valoración das subvencións correspondentes a proxectos de centros tecnolóxicos?

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes e en relación directa co sistema de avaliación:

| | | |
|---|--|---|
| valoración científico-técnica máximo de 70 puntos | Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 10 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 3 puntos) | |
| | valoración científico-técnica do centro para desenvolver o proxecto | |
| | experiencia do centro e o seu equipo de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores | |
| | transferencia de resultados ao seu sector produtivo. | |
| | No caso de contar con subcontratacións | a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal o nivel científico-técnico adequación do tamaño e a composición do equipo de investigación. |
| | Proxecto de investigación (máximo 60 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos) | |
| | máximo 30 puntos | novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados; interese para o sector e posibles beneficios. |
| | máximo 20 puntos | viabilidade e adecuación da metodoloxía deseño e plan de traballo da investigación; adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo no caso de proxectos coordinados, complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da coordinación. |
| | máximo 10 puntos | grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| valoración realizada pola comisión máximo de 30 puntos | máximo 12 puntos | Coherencia dos obxectivos do proxecto coa Política Científica e Tecnolóxica da Xunta de Galicia . | |
| | máximo 5 puntos | A valoración dos resultados obtidos polo centro en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia | |
| | máximo 4 puntos | Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación | |
| | máximo 4 puntos | número de doutores | |
| | | incorporación de doutores novos (menos de catro anos de experiencia posdoutoral) | |
| | | grao de dedicación ao proxecto | |
| | 2.5 puntos | participación equilibrada de investigadoras no equipo principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación. | |
| 2.5 puntos | Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda | Solicitud presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación . | |

Así mesmo, a Comisión poderá fixar o número máximo de proxectos que poden financiarse a un mesmo centro tecnolóxico.

49. Qué documentación ten que presentar o centro unha vez concedido o proxecto?

Segundo sexa de carácter público ou privado:

| CENTROS TECNOLÓXICOS DE CARÁCTER PÚBLICO | |
|---|---|
| Certificación expresiva da realización dos gastos realizados ata o 31 de outubro que reflicta: | concepto subvencionable o importe de cada un deles |
| Certificación daqueles pagos efectuados posteriormente ó 31 de outubro. | O prazo para que estouta certificación teña entrada na Dirección xeral de I+D+I remata o 30 de decembro de 2008 |
| Declaración complementaria relativa ao conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (no caso de xustificar a derradeira anualidade) | |
| Informe parcial de resultados, en formato normalizado facilitado pola Dirección Xeral de I+D+I, no que se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto (proxectos plurianuais). | |
| Informe final de resultados, en formato normalizado, unha memoria, en formato libre, na que se detallará o desenvolvemento científico-técnico do proxecto así como os resultados obtidos (proxectos de unha única anualidade ou cando se trate da derradeira anualidade dun proxecto plurianual). | |
| No caso de subcontratacións, copia compulsada do contrato, asinado polos representantes legais das partes contratantes, se non fora presentado coa solicitude | |

| CENTROS TECNOLÓXICOS DE CARÁCTER PRIVADO | |
|--|--|
| Resumo da execución da subvención con: concepto subvencionable, o proveedor, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados agrupados por conceptos de gastos.(Modelo A 1-2) | |
| Documentación acreditativa de realización do investimento ou gasto: orixinal e unha copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes de pagamento. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 31 de decembro do exercicio correspondente. | |
| Para adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, por importe superior a 12.000 euros, deberán achegarse: | Tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención. Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. |
| No caso dos custos de persoal, tanto técnico propio como adicional contratado | Certificación emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da empresa da relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto (Modelo A 3) |
| | Copia compulsada das nóminas e boletíns de cotización a Seguridade Social de todo o persoal dedicado ao proxecto. |
| | Un parte de traballo no que figure a dedicación de cada persoa ao proxecto co visto e prace do investigador principal do proxecto e do responsable de persoal da empresa ou agrupación de empresas (Modelo A 2) |
| | Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto. Non serán admitidas contratacións en categorías laborais inferiores as titulacións indicadas na solicitude |
| Certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto (Modelo A 12). | |
| No caso de subcontratacións con universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou empresas | Copia compulsada do contrato no que se estableza a devandita colaboración, asinado polos representantes legais das partes contratantes |
| | Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto. |
| | Orixinal e unha copia das facturas emitidas pola entidade colaboradora na que figure o título do proxecto financiado, acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento. |
| Certificación expedida pola entidade bancaria na que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento. | |
| <u>Informe parcial de resultados</u> , en formato normalizado facilitado pola Dirección Xeral de I+D+I, no que se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto (proxectos plurianuais). (Modelo A 4) | |
| <u>Informe final de resultados</u> , en formato normalizado, unha memoria, en formato libre, na que se detallará o desenvolvemento científico-técnico do proxecto así como os resultados obtidos (proxectos de unha única anualidade ou cando se trate da derradeira anualidade dun proxecto plurianual). (Modelo A 8) | |
| Na derradeira anualidade: Declaración complementaria relativa ao conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (Modelo A 5) | |

Non teñen que presentar xustificante de depósito de aval bancario ou de entidade aseguradora.

50. Que grao de protección teñen os datos que se aportan nos informes parciais e finais dos proxectos de investigación por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación?

Tódolos datos incluídos neses documentos, excepto cando explicitamente se indique, formarán parte dunha base de datos, serán confidenciais e non se poderá facer uso deles salvo autorización expresa dos seus propietarios.

51. Que ocorre se non presenta a documentación na data límite do 31 de outubro?

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

52. Que actividades de seguimento se van facer?

- O xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Se se constatase unha incorrecta utilización dos fondos ou un desvío dos obxectivos, o xestor do programa poderá propor a suspensión da axuda.
- A Dirección Xeral de I+D+I poderá convocar ao investigador responsable da solicitude, se o considera necesario, a unha entrevista en relación coa execución das actividades e os resultados obtidos.

PROXECTOS DE EMPRESAS PRIVADAS, AGRUPACIÓN DE EMPRESAS DE CARÁCTER PRIVADA OU EMPRESAS PÚBLICAS

53. Quen pode solicitar estas axudas?

As empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado ou as empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación.

54. Que se entende por empresa?

Aquelas entidades, calquera que sexa a súa forma xurídica, que exerzan unha actividade económica e que estean validamente constituídas no momento da presentación da solicitude.

55. Que se entende por agrupación de empresas?

Agrupacións empresariais sectoriais de carácter privado que realicen proxectos e actuacións de investigación e desenvolvemento para o seu sector.

56. Que outros requisitos deben de cumprir os solicitantes?

Os beneficiarios indicados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizar a actividade obxecto da axuda no ámbito territorial de Galicia.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non ter contraída débeda coa Xunta de Galicia.

- Posuír personalidade xurídica propia e suficiente capacidade de obrar e non estar inhabilitada para a obtención de subvención pública ou para contratar co Estado, as comunidades autónomas e outros entes públicos.
- Non incorrer nalgunha das circunstancias relacionadas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de novembro, xeral de subvencións.

57. Que se entende por PEME?

Segundo a Recomendación da Comisión de 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE L 124, de 20 de maio de 2003), na categoría PEME defínese:

- mediana empresa como aquela que ocupa a menos de 250 persoas e ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou un balance anual que non exceda de 43 millóns de euros
- pequena empresa como aquela que ocupa a menos de 50 persoas e cun volume de negocios anual ou cun balance xeral anual que non supera os 10 millóns de euros
- microempresa será aquela que ocupa a menos de 10 persoas e cun volume de negocios anual ou cun balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

En todos os casos para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros mencionados se estará ao disposto na Recomendación da Comisión de 6 de maio de 2003.

58. O proxecto debe ter un custo mínimo para poder presentalo?

Si. Será necesario que o importe do custo total solicitado do proxecto sexa como mínimo de 50.000,00 € no caso das PEMES e 90.000,00 € no caso de grandes empresas.

59. En que categorías poden encadrarse os proxectos?

Proxectos de Investigación Industrial son aqueles que levan a cabo unha investigación planificada ou estudos críticos encamiñados a adquirir novos coñecementos e aptitudes ou permitan mellorar considerablemente os xa existentes. Inclúe a creación de compoñentes de sistemas complexos que sexan necesarios para a investigación industrial.

Proxectos de Desenvolvemento Experimental son aqueles que implican a adquisición, combinación, configuración e emprego de coñecementos e técnicas xa existentes, de índole científica, tecnolóxica, empresarial ou de outro tipo, con vistas á elaboración de plans e estruturas e deseños de produtos, procesos ou servizos novos, modificados ou mellorados. Entre as actividades poderá figurar:

- a elaboración de proxectos, deseños, plans e demais tipos de documentación sempre e cando non estea destinada a usos comerciais.
- o desenvolvemento de prototipos e proxectos piloto que poidan utilizarse comercialmente cando o prototipo sexa por necesidade o produto comercial final e a súa fabricación resulte demasiado onerosa para o seu uso exclusivo con fins de demostración e validación (no caso de utilización comercial posterior de proxectos piloto ou de demostración, todo ingreso que dita utilización xere debe deducirse dos custos subvencionables).

o a produción e ensaio experimentais de produtos, procesos e servizos, sempre e cando non poidan empregarse ou transformarse de modo que poidan utilizarse en aplicacións industriais ou para fins comerciais.

O desenvolvemento experimental non inclúe:

o as modificacións habituais ou periódicas efectuadas nos produtos, liñas de produción, procesos de fabricación, servizos existentes e outras actividades en curso, aínda cando ditas modificacións poidan representar melloras.

60. Cál é a intensidade da subvención?

Segundo o tipo de proxecto a intensidade da axuda non poderá superar :

- 50% do custo subvencionable no caso dos proxectos de Investigación Industrial
- 25% no caso de Desenvolvemento Experimental.

Estes valores poderán aumentarse como se indica na seguinte táboa:

| Incremento de intensidades de axudas | | | |
|--------------------------------------|-----------------|-----------------|--------------|
| | Pequena empresa | Mediana empresa | Gran empresa |
| Investigación Industrial | 70% | 60% | 50% |
| Desenvolvemento Experimental | 45% | 35% | 25% |

Estas intensidades de axudas poderán incrementarse nun 15% ata unha intensidade máxima de axuda do 80% nos supostos indicados no capítulo 5.1.3 do Marco Comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01, DOUE 30.12.06)

61. Que conceptos poden incluírse como gastos nas solicitudes destes proxectos?

Poden incluír os conceptos seguintes :

- **Persoal técnico da empresa** que realice, exclusivamente, actividades de investigación necesarias para a realización do proxecto. O devandito persoal e a súa vinculación ao proxecto deberán quedar definidos na proposta.

Só poderán imputarse custos do **persoal de plantilla da empresa solicitante**. No caso de concesión de subvención estes custos deben xustificarse mediante a presentación de nóminas, TC1 e TC2.

- **Persoal adicional técnico-científico** (na solicitude deberá figurar o perfil requirido para a persoa que se contrate). No momento da contratación non poden ter vinculación laboral coa empresa nin nos dous últimos anos.

Non se admiten custos de persoal (nin propio nin adicional) financiados con fondos europeos.

- **Material inventariable.**

- adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización do proxecto, na medida na que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estean debidamente xustificadas
- os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados
- Non se admitirán custos de utilización nin amortizacións.

• **Servizos tecnolóxicos externos** : aquelas actividades, diferentes á investigación proposta que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido. Se a actividade a realizar forma parte da propia investigación deberá ser considerada como subcontratación

• **Material funxible.**

• **Viaxes** relacionados coa execución do proxecto (será preciso xustificar a necesidade da viaxe para a correcta execución do proxecto).

• **Subcontratacións.** Co fin de incentivar a colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación o custo total das subcontratacións poderá acadar o 70 % do custo total do proxecto.

Non se admitirán subcontratacións realizadas por persoas ou entidades vinculadas co beneficiario agás no caso de que a entidade subcontratada sexa a única con capacidade para desenvolver as actuacións subcontratadas.

62. Pode o persoal adicado ao proxecto ser beneficiario doutro tipo de axudas?

Será de aplicación o réxime de concorrencias previsto para calquera dos outros conceptos subvencionables pero tendo en conta que non se admitirán custos de persoal financiados con fondos europeos. As axudas previstas nesta orden serán:

- Incompatíbeis con calquera outra das que poida conceder esta consellería para o mesmo proxecto.
- Compatíbeis con calquera outra destinada ao mesmo proxecto, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda, sempre que conxuntamente non superen o custo total do proxecto. Non obstante, no caso de proxectos de empresas o importe das axudas concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que supere a intensidade de axuda aplicable de acordo co establecido no artigo 3 do Anexo III.

63. Pódense incluír na subvención alugamentos, amortizacións...?

Admitiranse os alugamentos de equipos só en casos específicos e debidamente razoados. Non se admitirán custos de utilización nin amortizacións.

64. Cal e a diferenza entre un servizo tecnolóxico e unha subcontratación?

Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades, diferentes á investigación proposta, que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como:

- análises e ensaios de laboratorio
- enxeñería para a montaxe e operación
- estudos e actividades complementarias
- consultarías externas

Se a actividade a realizar forma parte da propia investigación deberá ser considerada como subcontratación.

65. Pódense imputar gastos anteriores á data de solicitude do proxecto?

No caso de gastos realizados na primeira anualidade, admitiranse custos do proxecto realizados e comprometidos desde a data de rexistro de entrada da solicitude ata a data límite de xustificación (31 de outubro).

66. Que documentación é preciso achegar para participar nesta convocatoria?

A solicitude constará dos seguintes documentos:

- a.** Formulario normalizado de solicitude, **impreso a través da aplicación informática** (sen engadir novos datos e sen realizar emendas ou rascaduras) e asinado polo representante legal da entidade.
- b.** CV de tódolos membros do equipo investigador da empresa en **formato normalizado** da Dirección Xeral de I+D+I que se poderá obter na páxina web <http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>, ou na propia aplicación no apartado de outros. **NON SERÁN TIDOS EN CONTA OS PRESENTADOS EN PAPEL.**
- c.** 1 copia compulsada do CIF da entidade solicitante, ou NIF no caso de empresario individual.
- d.** 1 copia compulsada do xustificante de alta na Seguridade Social.
- e.** 1 copia compulsada do poder bastante co que actúa o representante legal da entidade solicitante.
- f.** 1 copia compulsada do DNI do representante legal da entidade.
- g.** 1 copia compulsada da escritura de constitución da entidade e modificacións no seu caso, da persoa xurídica á que representa, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou Industrial.
- h.** O documento coa declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de tódalas administracións públicas, incluído no modelo de solicitude.
- i.** Declaración de cumprir os requisitos de pequena, mediana ou grande empresa.
- j.** Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.
- k.** No caso de proxectos con subcontratacións achegarase unha copia compulsada do contrato de colaboración, asinado polos representantes legais das partes contratantes ou, no seu defecto, unha carta de intencións asinada polo responsable do proxecto na empresa ou agrupación de empresas, e o investigador principal do equipo de investigación da entidade que colaborará no proxecto, coa conformidade dos representantes legais da empresa ou agrupación de empresas e da entidade subcontratada.
- l.** Cando corresponda, autorización emitida polo Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, ou acreditación de ter presentada a súa solicitude.

67. Si o currículo está no Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA), é necesario engadilo á aplicación?

Preferentemente, si. No caso en que non se incorporen os currículos dos investigadores, serán obtidos do RIGA pola Dirección Xeral de I+D+I.

68. Cales son os criterios de valoración para esta liña de subvencións?

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

Hai dous grupos de criterios de valoración, en relación directa co sistema de avaliación:

VALORACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA REALIZADA POLOS EXPERTOS EXTERNOS

| | | |
|---------------------|---|--|
| máximo de 70 puntos | Capacidade de I+D do equipo de investigación (máximo 10 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 3 puntos) | |
| | A valoración científico-técnica da empresa para desenvolver o proxecto | |
| | experiencia da empresa e o seu equipo de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores a transferencia de resultados ao seu sector produtivo. | |
| | No caso de contar con subcontratacións | Experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal; |
| | | Nivel científico-técnico |
| | | Adecuación de tamaño e a composición do equipo de investigación. |
| | Proxecto de investigación (máximo 60 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 20 puntos). | |
| | máximo 30 puntos | Novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes |
| | | Claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos; aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados |
| | | Interese para o sector e posibles beneficios. |
| máximo 20 puntos | Viabilidade e adecuación da metodoloxía; deseño e plan de traballo da investigación | |
| | Adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo | |
| | Proxectos en colaboración, complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da coordinación. | |
| máximo 10 puntos | Grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto. | |

VALORACIÓN REALIZADA POLA COMISIÓN DE SELECCIÓN

| | | |
|---------------------|--|---|
| máximo de 30 puntos | máximo 12 puntos | Valorárase a adecuación do proxecto ás liñas prioritarias da tecnoloxía sectorial correspondente |
| | | De sé lo caso, a súa adecuación ás liñas específicas aprobadas na axenda estratéxica da Plataforma tecnolóxica correspondente |
| | máximo 4 puntos | A valoración dos resultados obtidos pola empresa en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia. |
| | máximo 3 puntos | Proxectos que se realicen con subcontratación de organismos públicos de investigación ou con centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia |
| | máximo 3 puntos | Grao de dedicación ao proxecto |
| | | Participación equilibrada de investigadoras no equipo, principalmente na planificación, coordinación e na dirección da investigación. |
| | 4 puntos | Empresas adheridas ás Plataformas tecnolóxicas galegas e activas nos seus correspondentes grupos de traballo |
| | | Empresas cualificadas como IEBTS (Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica) pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo |
| 2 puntos | Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda . | |
| 2 puntos | Solicitud presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación. | |

Así mesmo, a Comisión poderá fixar o número máximo de proxectos que poden financiarse a unha mesma empresa ou grupo empresarial.

69. Cales poden ser "algunhas" das causas de exclusión?

- Non ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Ter contraída débeda coa Xunta de Galicia.
- Non posuír personalidade xurídica propia e suficiente capacidade de obrar ou estar inhabilitada para a obtención de subvención pública ou para contratar co Estado, as comunidades autónomas e outros entes públicos.
- Incurrir nalgunha das circunstancias relacionadas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

70. É obrigatoria a presentación do aval bancario?

En proxectos plurianuais onde a suma de todas as anualidades da subvención total concedida supere os 30.050,61 €, será necesario presentar o xustificante de depósito de aval bancario ou garantía equivalente se se solicita o pago da correspondente anualidade. Nembargante, existe a posibilidade de cobrar integramente o total da subvención o remate do proxecto sen necesidade de formalizar as correspondentes garantías.

71. Debe comunicarse a concesión doutras subvención para o mesmo proxecto?

Si. A entidade responsable do proxecto está obrigada a comunicar á Dirección Xeral de I+D+I, no momento en que sexa beneficiario de calquera outra axuda concedida para a execución dun mesmo investimento, o importe e a duración da mesma.

72. Como se fai o seguimento dos proxectos?

Ademais da documentación que deberá ser entregada para a xustificación do proxecto en cada anualidade, o xestor do programa poderá solicitar ao investigador responsable as comprobacións e aclaracións que sexan necesarias. Así mesmo, a Dirección Xeral de I+D+I poderá realizar as visitas de seguimento para comprobar a correcta execución das actividades e os resultados obtidos.

73. Que hai que facer unha vez concedida a subvención?

Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación, nos lugares sinalados no artigo 3 das bases xerais, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate:

- Un resumo dos gastos realizados (IVE excluído)
- Orixinal e 1 copia das facturas cos seus xustificantes de pagamento (en ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento posteriores ao 31 de decembro do exercicio correspondente.).

- No caso de adquisición de material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, por importe superior a 12.000 euros, deberán achegarse: tres ofertas de diferentes provedores (salvo que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención). No caso de non escoller a proposta económica mais vantaxosa haberá que explicalo nunha memoria xustificativa.
- Relación certificada detallada por meses -emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da empresa- do persoal dedicado ao proxecto. Copia compulsada das nóminas, TC1 e TC2 do persoal dedicado ao proxecto.
- Un parte de traballo no que figure a dedicación de cada persoa ao proxecto co visto e prace do investigador principal do proxecto e do responsable de persoal da empresa ou agrupación de empresas.
- Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto, na categoría laboral indicada na solicitude.
- No caso de gastos de viaxes relacionados coa execución do proxecto deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto.
- No caso de colaboracións con universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou outras empresas deberá achegarse a copia compulsada do contrato no que se estableza a devandita colaboración se non fora presentado coa solicitude.
 - Copia compulsada do contrato de traballo, no caso do persoal adicional contratado, con destino específico ao proxecto.
 - Orixinal e unha copia das facturas emitidas pola entidade colaboradora na que figure o título do proxecto financiado, acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento.
- Certificación expedida pola entidade bancaria na que se sinale o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.
- No caso de proxectos plurianuais con importe superior a 30.050,61 Euros, xustificante de depósito de aval bancario ou de entidade aseguradora depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. Ademais haberá de achegarse un informe parcial de resultados, en formato **normalizado** facilitado pola Dirección Xeral de I+D+I, no que se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto.
- No caso de proxectos de unha única anualidade ou cando se trate da derradeira anualidade dun proxecto plurianual achegarse, un informe final de resultados en formato **normalizado** e unha memoria en formato libre na que se detallará o desenvolvemento científico - técnico e os resultados obtidos no proxecto.
- Para efectuar o último pagamento precisarase unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas

74. Que pode ocorrer si se presenta tarde ou non se presenta a documentación requirida para a xustificación?

Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presente a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

75. Onde se pode obter máis información?

- na páxina web <http://www.conselleriaiei.org>, no seu apartado de "axudas" e na "oficina virtual"
- no teléfono 981541071
- o enderezo electrónico info.sect@xunta.es
- presencialmente na Dirección Xeral de I+D sito na Rúa dos Feáns 7, Local C (Santiago de Compostela).

PROXECTOS EN COLABORACIÓN

76. Que é un proxecto en colaboración?

É un proxecto de investigación no que participan diversos axentes do sistema galego de I+D+I que actúan en colaboración como instrumentos do programa sectorial I+D Suma:

- universidades
- organismos públicos de investigación
- entes e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia
- centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia
- empresas
- agrupacións de empresas de carácter privado, ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación

77. Un proxecto en colaboración, ten que ter uns socios determinados?

Non, poderán ser beneficiarios das subvencións calquera das entidades indicadas anteriormente.

78. Hai algunha obriga especial ó presentarse como proxecto en colaboración?

A única obriga especial é que un dos solicitantes (calquera deles) deberá asumir o papel de líder do mesmo.

79. Que significa ser o líder nun proxecto en colaboración?

- É o encargado de coordinar tódolos traballos facéndose responsable do seguimento e coordinación deste.
- Deberá cubrir o formulario completo da solicitude, no que constarán as entidades participantes, responsabilizándose da memoria científico-técnica do proxecto que unicamente figurará nesta solicitude.
- Na memoria económica do proxecto, ademais do orzamento global do mesmo, deberá especificar a parte correspondente á súa participación.
- Igualmente, en dita solicitude deben incorporarse unicamente os currículos do equipo de investigación liderado por el.

80. É diferente o formulario de solicitude?

Non, pero teñen que indicar no formulario de solicitude que é un proxecto en colaboración e quen é o líder do mesmo. Cubriranse tantos formularios de solicitudes como subproxectos integren o proxecto en colaboración.

81. No caso do líder , que datos diferentes lle da aplicación?

No caso do líder dalle un código de coordinación que é o que deberá comunicar ós demais socios do proxecto xa que a aplicación vailles pedir ese código xunto co NIF do líder no momento en que eles cubran o formulario de solicitude.

82. Unha vez cuberto o formulario de solicitude no guí@te e a solicitude impresa, que se fai ?

Darlle a documentación xunto ca solicitude ó líder do proxecto para que este se encargue de presentala perante a administración.

[presentación solicitude](#)

83. Que documentación hai que presentar?

A documentación a presentar será a que se indica en cada anexo segundo o tipo de solicitante:

[Empresas](#) [Centros Tecnolóxicos Públicos](#) [Centros Tecnolóxicos Privados](#)

84. Que criterios de valoración se van a aplicar?

| VALORACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA REALIZADA POLOS EXPERTOS EXTERNOS | |
|---|--|
| máximo de 70 puntos | Capacidade de I+D dos equipos de investigación das entidades participantes no proxecto (máximo 15 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 4 puntos) |
| | A valoración científico-técnica das entidades solicitantes para desenvolver o proxecto |
| | A súa experiencia e a dos seus equipos de investigación na dirección de proxectos de I+D+I anteriores |
| | A transferencia de resultados ao seu sector produtivo. |
| | No caso de contar con subcontratación |
| | a experiencia en dirección de equipos e participación en proxectos do investigador principal |
| | o nivel científico-técnico |
| | e a adecuación de tamaño e a composición do equipo de investigación. |
| | Proxecto de investigación (máximo 55 puntos, sendo causa de exclusión a obtención dunha valoración inferior a 18 puntos) |
| | máx. 25 puntos |
| | Novidade científica do proxecto en relación co grao de coñecemento dos antecedentes |
| | Claridade, precisión e factores críticos dos obxectivos |
| Aplicabilidade e posibilidade de transferencia dos resultados | |
| Interese para o sector e posibles beneficios. | |
| máx. 20 puntos | |
| Viabilidade e adecuación da metodoloxía | |
| Deseño e plan de traballo da investigación; | |
| Adecuación dos recursos humanos e materiais ao plan de traballo | |
| Proxectos en colaboración, complementariedade dos equipos de investigación e beneficios da colaboración | |
| máx. 10 puntos | |
| Grao de xustificación do presuposto para cada un dos conceptos de gasto asociados ao proxecto. | |

VALORACIÓN REALIZADA POLA COMISIÓN DE SELECCIÓN

| | | |
|---------------------|---|---|
| máximo de 30 puntos | máx. 12 puntos | Adecuación do proxecto ás liñas prioritarias da tecnoloxía sectorial correspondente |
| | | Adecuación ás liñas específicas aprobadas na axenda estratéxica da Plataforma tecnolóxica correspondente |
| | máx. 4 puntos | Valoración dos resultados obtidos polos solicitantes en proxectos financiados anteriormente pola Xunta de Galicia |
| | máx. 3 puntos | Subcontratación de organismos públicos de investigación ou con centros tecnolóxicos da Com. Autónoma de Galicia |
| | máx. 4 puntos | Composición e dedicación do equipo (artigo 5 dos Anexos I, II ou III) |
| | máx. 3 puntos | Participación nas Plataformas tecnolóxicas galegas con actividade nos seus correspondentes grupos de traballo |
| | 2 puntos | Emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda |
| 2 puntos | Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación | |

85. Qué contías e qué conceptos se subvencionan?

A cada un dos subproxectos aplicaráselle a contía, conceptos subvencionables e custo mínimo correspondentes a cada tipo de solicitante: equipos de investigación, centros tecnolóxicos, ou empresas (artigo 3 dos Anexos I, II ou III).

86. No momento da xustificación anual, que cambia por ser un proxecto en colaboración?

Preséntase a documentación segundo sexa empresa, centro tecnolóxico (público ou privado) ou equipo de investigación. A diferenza está en que o **informe de resultados** e a **memoria en formato libre** será única para todo o proxecto, sendo responsable da súa coordinación o líder do proxecto.

87. Pero si un dos socios falla ao longo do proxecto, que pasa co proxecto?

Neste caso a D. X. de I+D+I estudará a posibilidade de que os restantes subproxectos continúen desenvolvéndose.